

Materiais e recursos didácticos



As Festas

C.P.I. DE VEDRA
CURSO 2005-2006

Equipo redactor:

Covadonga Avello García.
Margarita Fernández Marqués.
José Manuel Orodea Santamaría.

Coordinadora:A.Cristina Martínez Penas.

Corrección Lingüística

Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vedra

Edita: Concello de Vedra

ISBN: 978-84-691-3006-3

Dep. Legal: C 1887-2008

Maquetación: J. M. Gairí

Imprime: Litonor

| | |
|--|-----------|
| Introdución | 5 |
| Obxectivos xerais e específicos | 6 |
| Contidos | 7 |
| Metodoloxía | 8 |
| Bibliografía | 10 |
| Festa do Santiaguíño | 11 |
| ■ A lenda do Pico Sacro | 13 |
| Actividades do 1º Ciclo | 14 |
| Actividades do 2º Ciclo | 20 |
| Actividades do 3º Ciclo | 26 |
| Festa do Gundián | 31 |
| ■ San Xoan da Cova | 33 |
| Actividades do 1º Ciclo | 34 |
| Actividades do 2º Ciclo | 38 |
| Actividades do 3º Ciclo | 42 |
| Festa do Entroido | 49 |
| Actividades do 1º Ciclo | 58 |
| Actividades do 2º Ciclo | 64 |
| Actividades do 3º Ciclo | 72 |
| Festa da Augardente da Ulla | 81 |
| ■ Texto de lectura | 84 |
| Actividades do 1º Ciclo | 85 |
| ■ O augardenteiro | 92 |
| Actividades do 2º Ciclo | 92 |
| ■ A augardente | 98 |
| Actividades do 3º Ciclo | 100 |

1. – Introducción.

Nunha bisbarra de romaría interminable non é doado resumir a realidade lúdica.

Nestas terras de duro traballo, establecer descansos periódicos era unha necesidade, polo que nos atopamos con máis dunha festa relixiosa en cada parroquia, así vemos como se celebra o patrón e o copatrón. Ámbolos dous adoitan coincidir con ciclos ben definidos, unhas veces previos e outras posteriores ás grandes labores agrícolas.

Se asemade temos en conta o elevado número de entidades de poboación existentes en Vedra e as numerosas parroquias que a configuran teremos unha idea clara da contía das súas festas.

O termo festa posúe connotacións propias e peculiares. Á vez “festa-romaría” amalgama o cristián e o pagán sendo imposible determinar un límite estricto a cada significado. Así sucede no puramente material: o castro cristianizado, a pequena ermida pegada a un penedo con inscricuras rupestres, fontes ligadas a unha advocación cristián, capelas fundadas antes de que Xesús viñera ao mundo, enormes árbores anexas ás ermidas e santuarios onde enfermos de certas doenzas practican ritos ancestrais... O certo é que arredor destes lugares celebranse festas de grande concurrencia. Misa, procesións - estas ás veces con connotacións que apenas disimulan o rito que lles deu orixe-, comida campestre, ritos tradicionais, orquestrase, baile soen ser os compoñentes habituais.

Pero aínda existen outros factores que contribúen a potenciar o número das festas, son aqueles ligados á degustación de produtos de elaboración tradicional e tamén as colleitas como son o viño e a augardente.

Merece un recordatorio aparte o Entroido que se celebra en Vedra con moita sona. Os singulares e coloristas atavíos de Xenerais e Correos así como os seus peculiares alardes chaman de inmediato o interese do forasteiro.

Actualmente contamos con festas de grande popularidade. Algunhas son tradicións retomadas, outras son consecuencia da necesidade de dar a coñecer produtos de gran calidade. Conscientes da incapacidade de reflectir as moitas actividades festivas que teñen lugar no noso concello, trataremos de facer unha escolma amodo de exemplo, daquelas que polas súas características, tradición, etcétera, consideramos máis representativas. Para iso distinguiremos tres grandes grupos de clasificación:

- Relixiosas
- Gastronómicas
- Estacionais

As festas rompen a rutina da vida no Val do Ulla. Por un lado están as festas fixas en Galicia como o Nadal, Reis, Entroido, Semana Santa, Maios, Lumes de San Xoán, Magostos

de San Martiño, que en maior o menor medida teñen o seu reflexo na vida cotiá. Logo están as festas propias dos diversos lugares e da comarca; entre as máis destacadas das gastronómicas están a Festa da Augardente da Ulla en San Mamede de Rivadulla, e a do Viño da Ulla, en San Miguel de Sarandón, ámbalas dúas en Vedra. En toda a comarca celébrase o Entroido con desfiles de Xenerais e Correos (un grupo de persoas desfilando constitúe unha “mascarada”), xinetes con vistosos uniformes que van percorrendo distintas parroquias, e logo hai tamén as “parrandas” e “velladas”, onde se xuntan mozos e vellos para pasalo ben eses días. Das Romarías, sinalar a da Nosa Señora do Gundián, a do Santiaguíño...

Por iso, partimos da idea de que a práctica educativa debe enraizarse na realidade concreta na que nos atopamos, fundamentándose nas características tanto persoais como do contorno no que se está a desenvolver. Tendo en conta o carácter motivador das festas así como as características da sociedade actual respecto do uso do tempo de ocio, no que se levan a cabo actividades que nos permiten o achegamento dos nenos/as ao seu entorno, elaboramos este material básico para que sirva de apoio ao labor docente e que ao mesmo tempo achegue aos nenos/as ás festas da súa bisbarra.

2. – Obxectivos xerais e específicos:

2. 1. – Obxectivo xeral:

Esta proposta céntrase fundamentalmente na área de Coñecemento do Medio físico e social a través do seguinte obxectivo:

- Coñecer a orixe e fundamentos históricos e culturais dalgunhas festas do Concello de Vedra e fomentar actitudes de respecto e conservación das mesmas por parte dos nenos/as, servíndonos dunha serie de contidos básicos que abranguen todas as áreas do currículo, incidindo fundamentalmente nas áreas de Coñecemento do Medio e linguas e dunha metodoloxía que máis adiante exporemos.

2. 2. – Obxectivos específicos:

- Coñecer a localización xeográfica das parroquias onde se celebran as festas do concello no conxunto da provincia e comunidade.
- Distinguir entre distintos tipos de festas: relixiosas, gastronómicas, estacionais. e as súas principais manifestacións populares.
- Relacionar cada festa coa lenda, feito histórico ou cultural no que está a súa orixe.
- Coñece-la realidade dunha festa local.
- Favorecer hábitos positivos para o tempo de lecer.

- Coñecer os procesos de elaboración da augardente tradicionais e actuais.
- Facilitar a discusión para que o alumnado descubra o que é verdadeiro e falso en relación co consumo de alcohol aproveitando a motivación dunha festa local.
- Ampliar os coñecementos dos alumnos e as alumnas sobre as bebidas alcohólicas e os seus efectos e consecuencias.
- Facer fronte aos mitos e lendas que destacan os efectos positivos do alcohol.

3. – Contidos:

3. 1. – Contidos:

- Feitos e conceptos.
- Festa do Santiaguíño.
- Romaría do Gundián.
- O Entroido da Ulla.
- A Festa da Augardente.

3. 2. – Procedementos:

- Localización xeográfica das parroquias onde se celebran as festas.
- Distinción dos distintos tipos de festas:
 - ◆ Relixiosas.
 - ◆ Gastronómicas.
 - ◆ Estacionais.
- Identificación de cada festa coa súa lenda, feito histórico ou cultural no que se basea a súa orixe.
- Busca de información sobre costumes, monumentos e lendas.
- Busca do significado de palabras no dicionario.
- Observación detida de fotografías e debuxos para aprender a identificar os elementos das imaxes representadas.

3. 3. – Valores, actitudes e normas:

- Valoración das festas como formas de expresión, das tradicións e a cultura dun pobo.
- Fomento das relacións persoais e afectivas mediante a cooperación, o encontro e a solidariedade.
- Desenvolvemento dunha educación respetuosa polo medio ambiente.
- Consecución dunha axeitada integración socio-cultural dos nenos/as da propia institución educativa na comunidade na que está inmersa.
- E traballando as festas na escola estaremos tamén educando para o lecer.

4. – Metodoloxía

Utilizamos unha metodoloxía activa e partícipe, baseada na concepción constructiva da intervención pedagóxica e por suposto, partindo do principio de globalización, xa que como sabemos, aprendizaxe significativa é unha adquisición globalizada na medida en que a nova información se relaciona de maneira substantiva e non arbitraria co que os nenos/as xa saben e na medida de interese que amosen ante as aprendizaxes que se lle propoñan.

Nós pensamos que a práctica educativa debe enraizarse na realidade educativa concreta na que nos encontramos, fundamentalmente nas características tanto persoais como do contorno no que se está a desenvolver, polo tanto utilizamos estratexias de aprendizaxe baseadas na intervención - acción e en actividades prácticas realizadas mediante a experimentación tanto dentro como, fora da aula.

RECURSOS DIDÁCTICOS DA ZONA DA ULLA: AS FESTAS

ESTRUCTURA

| FESTA DO SANTIAGUIÑO | FESTA DO GUNDIÁN | FESTA DO ENTROIDO | FESTA DA AUGARDENTE |
|--|---|--|--|
| <p>Contidos</p> <ul style="list-style-type: none"> * Lenda do pico sacro. * Situación xeográfica da festa. * Fonte do Santiaguíño: inscrición. * O carro. * Refráns. | <p>Contidos</p> <ul style="list-style-type: none"> * Lenda de San Xoán da Cova. * Situación xeográfica da festa. * Igrexa do Gundián. * Apeiros de labranza. * O río. * A ponte do Gundián. * Ruta de San Xoán da Cova. | <p>Contidos</p> <ul style="list-style-type: none"> * Conto do Entroido. * As máscaras. * Personaxes do Entroido da Ulla. * Coplas e atranques. * Gastronomía. * Vocabulario do Entroido. * Educación para o consumo. * O disfraz. | <p>Contidos</p> <ul style="list-style-type: none"> * A festa da augardente. * O pregón. * O vapor. * O augardenteiro. * Os métodos de destilación: <ul style="list-style-type: none"> • alambique • alquitara. * O proceso de destilación. * As labores do augardenteiro. * Educación para a saúde: prevención de drogodependencias. |
| ACTIVIDADES QUE XORDEN DO SEMINARIO | | | |
| Recompilación de coplas e "atranques" do Entroido. | | Elaboración de disfraces. | |

BIBLIOGRAFÍA

- LEYMOUR, JOHN: Artes y oficios de ayer. Ed. Óptima. Barcelona 2000. 1ª edición.
- MARIÑO FERRO, XOSÉ RAMÓN: Antropoloxía de Galicia. Ed. Xerais, Vigo 2000. 1ª edición.
- ALBARELLOS CODESIDO, XOÁN CARLOS: Aires de festa. Ed. Baia, 1993.
- SENEN LÓPEZ, FELIPE: Entroido a vella festa continua. Ed. Baia.
- COCHO DE JUAN, FEDERICO: O carnaval en Galicia. Ed. Xerais de Galicia, Vigo 1990.
- LOPEZ FERREIRO, ANTONIO: Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela. Ed. Seminario Conciliar Central. Santiago de Compostela, 1909 (tomo XI).
- CASTROVIEJO, XOSÉ MARÍA: Memorias dunha terra. Ed. Galaxia - narrativa. Vigo 1985. 1ª edición.
- COLECTIVO "OLLO DE SAPO": O Magosto. Ed. Ir indo. Vigo 1998.
- COLECTIVO "OLLO DE SAPO": O Entroido. Ed. Ir indo. Vigo 1998.
- COLECTIVO "OLLO DE SAPO": Os Maios. Ed. Ir indo. Vigo 1998.
- VILLAVERDE SOLAR, DOLORES: Patrimonio artístico de Galicia. Arciprestado de Rivadulla. Ed. Edinosa. A Coruña 1998 (Tomo I y II).
- GONZÁLEZ PEREZ, CLODIO. LISTE FERNÁNDEZ, ARACELI. VÁZQUEZ VARELA, MANUEL. FIDALGO SANTAMARIÑA, XOSE ANTONIO. GARCÍA ALÉN, LUCIANO: Ed. Hércules. A Coruña 1997.
- CARO BAROJA, JULIO: La estación de amor. Fiestas Populares de mayo a San Juan. Ed. Taurus. Madrid 1979.
- GONZÁLEZ PÉREZ CLODIO. A festa dos Maios en Galicia. Ed. Deputación Provincial de Pontevedra, 1989.
- GONZÁLEZ PÉREZ CLODIO. As festas cíclicas do ano. Manuais do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 1992.
- LÓPEZ DE SOTO, XAQUIN. Os maios en Pontevedra entre 1848 e 1853. Casal de Edicións. Pontevedra 1992.
- SANPEDRO Y FOLGAR, CASTRO: Cancionero Popular de Galicia. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña 1942.
- COLOMER, JAUME: Fiesta y escuela. Recursos para las fiestas populares. Colección El Lápiz. Ed. Graó. Barcelona 1987.

PÁXINAS WEB:

www.concellodevedra.com

www.valdoulla.com

www.edu365.com

FESTA DO Santiaguíño

Festa do Santiaguíño

Esta festa celébrase en Outeiro (San Pedro de Vilanova), “o último sábado antes do último domingo de Agosto”.



Neste lugar encrávase a ermida de Santiago, coa súa fonte; ambas foron trasladadas dende a Campa do Carballo ou Campa dos Romeiros no ano 1724.

A ermida é de planta rectangular cunha fachada sinxela, e o campanario de arco de medio punto con dúas campás.

Na fonte de cantería hai unha inscrición que narra o traslado do corpo do Apóstolo Santiago, e un relevo que representa parte da lenda. Os apóstolos dos laterais pertenceron ao antigo coro pétreo da Catedral de Santiago, obra do mestre Mateo. Tanto a capela como a fonte datan do ano 1670.



Festa do Santiaguíño

A LENDA DO PICO SACRO

Conta unha antiga lenda que os discípulos do Apóstolo Santiago, tras sete días de navegación chegaron co corpo do Apóstolo as costas galegas nunha “barca da pedra” ata un lugar que hoxe é Padrón.

Preto deste lugar vivía unha Raiña chamada Lupa, que era dona daquelas terras. Os discípulos Teodoro e Atanasio pedíronlle un carro e unha parella de bois para trasladar o corpo terra adentro. Como a Raiña era moi malvada e quería desfacerse deles, enviounos ó sagrado bosque do Monte Sacro onde poderían proverse de madeira para o carro, e dos bois para tirar del, sabendo que eran touros bravos.

A Raiña Lupa contaba con que os discípulos serían atacados por un dragón que vivía alí ou polos touros bravos e así desaparecerían duna vez.

O chegar o Pico Sacro o dragón atacou os discípulos, e estes pensando que ían morrer fixeron o sinal da cruz e nese momento o dragón rebentou en mil anacos e os touros amansaron milagrosamente.

A Raiña Lupa ao ver este feito decidiu facerse cristiá.

Os discípulos colleron os bois e trouxeron o corpo do Apóstolo ata o Monte Libredón, en Compostela, onde o enterraron.

Adaptación do (Códice Calixtino, Libro Terceiro de Santiago)

ACTIVIDADES DO 1º CICLO

- ◆ Marca no mapa a ruta dende a túa parroquia ata a parroquia onde se celebra a festa do Santiaguíño.





◆ Lé a Lenda do Pico Sacro

◆ Debuxa a lenda:

| | | |
|--|--|--|
| | | |
| | | |


- ◆ A palabra “pico” pode ter dous significados:

| | |
|---|--|
|  |  |
| Pico | Pico |

- ◆ Escribe a palabra “pico” en cada frase tendo en conta o seu significado:

- O montañeiro chegou deica o _____ da montaña.
- Fixo un burato na terra co _____ .

◆ Copia debaixo con palabras:





Os discípulos chegaron nunha e



pedíronlle a

un



e unha parella de



Ela mandounos ao onde foron atacados



por un .



◆ Colorea o debuxo.

Festa do Santiaguíño **2º Ciclo**

ACTIVIDADES DO 2º CICLO

- ◆ Marca no mapa e escribe o nome das parroquias polas que tes que pasar para ir dende a túa casa ata á festa do Santiaguíño.



◆ Le a lenda e responde ás preguntas:

- Cal era o nome do Apóstolo?
- Cantos días navegaron?
- Que quere dicir que veu nunca “*barca da pedra*”.
- Ata onde chegaron?.
- Como se chamaba á Raíña?.
- Escribe o nome dos discípulos.
- Que lle pediron a Raíña?.
- A onde os mandou Lupa?.
- Quería axudalos realmente a Raíña Lupa?.
- Quen os atacou no Pico Sacro?.
- Como remata a lenda?.

◆ Le, recita e explica:

“Cando o Pico Sacro pon toca, auga temos, moita ou pouca”.

“o que sexa meu amigo verdadeiro, véñame a ver o 20 de Xaneiro”.

Festa do Santiaguíño **2º Ciclo**


◆ Marca no calendario cando se celebra a festa.

| XANEIRO | | | | | | | FEBREIRO | | | | | | | MARZO | | | | | | | ABRIL | | | | | | |
|---------|----|----|----|----|----|----|----------|----|----|----|----|-------------------------------|----|-------|----|----|----|----|----|----|-------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | | | | 1 | 2 | 3 | 4 | | | | 1 | 2 | 3 | 4 | | | | | | | 1 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 29 | 30 | 31 | 26 | 27 | 28 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | ²³ / ₃₀ | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | | | | | | | | | |

| MAIO | | | | | | | XUÑO | | | | | | | XULLO | | | | | | | AGOSTO | | | | | | |
|------|----|----|----|----|----|----|------|----|----|-------------------------------|-------------------------------|----|----|-------|----|----|----|----|----|----|--------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | | | | 1 | 2 | 3 | | | | | | | 1 | | | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | ²³ / ₃₀ | ²⁴ / ₃₁ | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | | | | |

| SETEMBRO | | | | | | | OUTUBRO | | | | | | | NOVEMBRO | | | | | | | DECEMBRO | | | | | | |
|----------|----|----|----|----|----|----|---------|----|----|----|----|----|----|----------|-------------------------------|----|----|----|----|----|----------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D |
| | | | | | 1 | 2 | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | | | | 1 | 2 | 3 | 4 | | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 29 | 30 | 31 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | ²⁴ / ₃₁ | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | | | | | |


◆ Marca no debuxo as partes dun carro, axúdate cun dicionario:



- ◆ Busca no dicionario o significado da palabra “discípulo” e escribe unha frase con ela.

- ◆ Coñeces outra historia onde apareza un dragón? Cal?

Debúxao.



Festa do Santiaguíño **2º Ciclo**



2º Ciclo *Festa do Santiaguinho*

- Cantas persoas aparecen nesta imaxe?
- Quen cres que son?
- Ves algún escudo?. Cómo é?.

Festa do Santiaguíño **3º Ciclo**

ACTIVIDADES DO 3º CICLO

- ◆ Observa o mapa e marca a ruta que seguirías polas estradas ata chegar á festa do Santiaguíño.






“ ANO DE 1670. FUENTE DE SANT [IAGO] QUE HICIERON SUS DISCIPULOS S.THEODORO I S:
ATHANACIO A ESTE MONTE LOS INBIO LA REINA LOBA A BUSCAR LOS BUEIES PARA LLEBARA SU SANTO CUERPO DE PADRÓN A DONDE OI ESTA. I LLEGADOS FATIGADOS A ESE LUGRAR LES ACOMETIO UN FIERO DRAGON HACIENDO LA SEÑAL DE LA CRUZ REBENTO I LOS TOROS BINIERON TRAS ELLOS COMO MANSOS CORDEROS. POR LO AVAL SE CONVIRTIO ELLA CON TADA SU FAMILIA.
Y PARA MEMORIA DESTO I ALIBIO DE SUS PEREGRINOS I PASAJEROS HICO AQUÍ ESTA FUENTE EL D.D. PEDRO DE VALDES, FEIJO I NOBOA CON LECTORAL PROVINCIANO GNL DE SANTIAGO”.

- Que lingua utilizaron para facer esta inscrición?
- Intenta traducilo.

Festa do Santiaguíño **3º Ciclo**

◆ Encrucillado:

1. Persoas que reciben ensinanzas.
2. Relato oral ou escrito de sucesos fantásticos.
3. Animal fabuloso que aparece nas lendas.
4. Macho vacún castrado que se adica ós labores agrícolas.
5. Vehículo de dúas rodas e tracción animal.
6. Parte mais elevada dunha montaña.
7. Muller que goberna nun reino.
8. Festa que se celebra o último sábado antes do último domingo de Agosto.



◆ Dramatización da lenda.

FICHA DA FONTE DO SANTIAGUIÑO



Nome: _____

Parroquia: _____

Situación: _____

CARACTERÍSTICAS

Parte Superior:

Figuras:

Parte inferior:

Figuras:

Inscrición: _____

FESTA DO Gundián

Festa do Gundián

Tomando un camiño pola marxe esquerda do río Ulla, entre as dúas pontes, atópase o Santuario de San Gundián ou da Virxe do Gundián.



Preto da ermida atópase o impresionante paso de San Xoán da Cova, de 4 m de ancho, uns 14 m de longo e ata 50 m de alto, que hoxe atravesa a ponte do ferrocarril. Conta a historia que no s. XIV existiu un mosteiro neste paso, do que non queda rastro algún.



A festa do Gundián comeza o 7 de setembro cos fogos e a procesión nocturnos. Ao día seguinte celébrase na campa da capela a “Festa dos Rapaces”.

A ermida foi construída no s. XVII, o máis destacable é a fachada con 4 columnas de pedra, grandes fiestras enreixadas e os 3 vans con arco.



SAN XOAN DA COVA

Hai moito tempo, no século IX, nas terras da Ulla, houbo un mosteiro situado na marxe dereita do río chamado S. Xoán da Cova. Escóitanse lendas que din que o río antes ía por outro lado e que os monxes fixeron na montaña un paso estreito para desvialo, e neste estreito formouse un pozo moi profundo no que se di que hai unha grade de ouro que ten un encantamento do que só se pode sacar con dous cuchos xemelgos acabados de nacer e que non teñan mamado nada.


A historia conta que en Febreiro de 1571 unha gran crecida do río derrubou o mosteiro e non volveu a edificarse.

Co paso dos anos construíuse na marxe esquerda do río, entre as dúas pontes, o Santuario do Gundián, no que o día 8 de Setembro celébrase a festa dos rapaces. Segundo a tradición aqueles rapaces ofrecidos que se laven espidos, coa auga da fonte que nace no pé da ermida, tiren a roupa que traían e poñan outra nova quedarán sans.


Se observas ós arredores da fonte poderás atopar roupiña abandonada que ninguén toca.

ACTIVIDADES DO 1º CICLO

- ◆ Marca no mapa a ruta dende a túa parroquia ata a parroquia onde se celebra a festa do Gundián




◆ ■ Coloreo o debuxo da igrexa.



◆ Fíxate no debuxo dunha grade.

¿Coñeces algúns outros apeiros de labranza?. Debúxaos.



- ◆ Os cuchos son as crías das vacas. Une cada nome de animal coa súa cría:

OVELLA

POLDRO

EGUA

CADELO

GALIÑA

AÑO

PORCO

PITIÑO

CAN

BACORIÑO

- ◆ Inventa un conto que teña como personaxes dous dos animais que aparecen no exercicio anterior.

ACTIVIDADES DO 2º CICLO


- ◆ Marca no mapa e escribe o nome das parroquias polas que tes que pasar para ir á romaría do Gundián.



- ◆ Le atentamente o texto. Consulta no dicionario as palabras que non entendas. Fai un pequeno resumo do que liches.

Resumo:

- ◆ Imaxina como sería o Mosteiro de San Xoán da Cova e debúxao.



- ◆ Na lenda fálase de que os monxes cambiaron o curso do río. Explica que é o curso dun río e debuxa as súas partes.

- ◆ Coñeces algunha outra festa do teu concello dedicada a outro santo milagreiro?

ACTIVIDADES DO 3º CICLO

- ◆ Observa o mapa e marca a ruta que seguirías polas estradas ata chegar á festa do Gundián.



- ◆ Moi preto da ermida hai unha ponte do tren. Fíxate na imaxe.



Busca información sobre esa ponte:

- Quen a fixo?

- Cando se construíu?

- Que dúas provincias une?

◆ Lee o texto e contesta:


• Que é unha lenda?

• Coñeces algunha outra lenda? Cal?.

• Sabes o que significa ir ofrecido a un santuario? Explicao.

• Fuches algunha vez ofrecido, ou coñeces alguén que fora?.

- ◆ Sitúa nun mapa os ríos de Galicia que coñezas. Marca de vermello o río Ulla.



◆ Saída “A ruta de San Xoán da Cova”

Etapas da saída:

1. Mirador do Gundián. Ponte Ulla.
2. Muíño de Reboredo.
3. Área de recreo Agronovo. Sta. Cruz de Ribadulla.
4. Área de recreo do Couto de Ximonde. San Miguel de Sarandón.
5. Área de recreo de Cubelas. San Pedro de Sarandón.

FICHA DE RUTA

| | | | |
|-----------------------------|--|---------------------|--|
| Nº ETAPA | | Nº KILOMETROS | |
| DURACIÓN PERCORRIDO | | NOME DO LUGAR | |
| PARROQUIA | | CONCELLO | |
| Que observas cando chegamos | | | |
| | | | |
| Hai algún edificio | | Para que se utiliza | |
| | | | |
| Debuxo | | | |
| | | | |

FESTA DO Entroido

Festa do Entroido

O Carnaval en Galicia recibe o nome de Entroido ou Antroido, que deriva do latín “introitus” que significa entrada, comenzo de ano ou primavera . A orixe da festa non ten sido determinada pero ten semellanza con certas festas da antigüidade e recibe unha gran influencia cristiá, son os días previos á cuaresma.



Festa do Entroido

Existen manifestacións do entroido dunha fonte tradicional como a dos Xenerais da Ulla, onde os Correos van pola veciñanza ofrecendo que os Xenerais “canten” vivas a cada unha das casas a cambio dunha doazón. Os Xenerais van vistosamente disfrazados con sombreiros e medallas que lembran os uniformes do S. XIX.

A área na que saían os Xenerais abarcaba todo o Val do Ulla. Hoxe, só se manteñen con regularidade en San Xián de Sales e Trobe, no Concello de Vedra.



Foto cedida por TURGALICIA




Festa do Entroido



O Entroido estaba a piques de chegar a Vedra, e o garda forestal da carballeira púxose a pensar como poderían celebralo.

Pensou en organizar un baile de disfraces ao que invitaría a tódolos animais da carballeira. El, como era o que mandaba, disfrazaríase de "xeneral", e ordearíalles aos seus correos que repartisen as invitacións.



O caracol Ramón tamén está invitado pero non sabe como vestirse, mentres o pensa empeza a andar e ... anda que andarás atópase cunha bolboreta que lle dixo ...

Festa do Entroido

- Ola caracol, irás a festa cun vestido tan feo?



- Este vestido é a miña casa e non o cambiarei para ir ao baile.

- Ademais ti tampouco vas disfrazada.

- Está claro que non!. Como queres que esconda as miñas ás tan bonitas?

- Quen verá o meu corpo tan lindo se me poño un disfrace?.

Contesta a bolboreta.



Festa do Entroido

- Pero ti, que non es tan guapo coma min, deberíaste disfrazar.



- Déixame presumida!
Irei á festa como me pete!

Entón a bolboreta marchou voando e Ramón quedou un pouco triste.

De súpeto, Ramón descobre un trasgo moi vello que o observa entre as árbores.

- Ola!, Ramón, que che pasa?



Festa do Entroido

- Non podo ir á festa, son feo e non teño disfrace.

- Iso non é certo. Eu farei que sexas guapo coma un sol!



O trasgo, sacou un bote de pintura dourada do seu saco e con ela pintou a cuncha de Ramón.

- Velo? Mírate no charco. Es un caracol de ouro e pareces un sol.

E o caracol contéstalle:

-Oh! Gracias, sabio trasgo! É un disfrace magnífico.



Festa do Entroido

Cando Ramón chega á festa, o baile xa comezara.

Formigas, xoaniñas e escaravellos, rodean á bolboreta abraiados pola súa beleza.



A bolboreta, que leva unha coroa de raíña, sorrí satisfeita.




Pero cando se achega o caracol Ramón, todos quedan impresionados:

É o disfrace máis bonito que viron nunca!

ramón semella un sol que roda pola Terra!

Ramón semella un sol que

Fin



ACTIVIDADES DO 1º CICLO

1. Lectura do conto.

2. Contesta as seguintes preguntas:

- Que festa estaba a piques de chegar?

- Quen organiza o baile?

- De que ía disfrazado?

- Como souberon os animais do bosque que ía haber un baile?

- Que lle pasaba ao caracol Ramón?

- De que presumía a bolboreta?

- Quen apareceu para axudar a Ramón?

- Que parecía Ramón despois de pintar?

- Escribe como acaba o conto.

3.Ordea as viñetas do conto e explica oralmente.



4. Colocamos un papel moi grande na clase. Escribimos o título do conto nel e dividímolos en catro partes coas palabras:

O principio ,logo ,despois ,por último.

Facemos debuxos do conto que logo colocaremos na zona do mural axeitada.

5. Busca na cuncha de Ramón as letras que faltan para completar estas palabras:

g_r_d_f_r_st_l.


x_n_r_l.

c_r_c_l.

b_lb_r_t_.

d_sfr_c_.

b__l_.



6. Colorea a máscara do Entroido da Ulla:



7. Empregando as letras das palabras *xeneral* e *correo*, escribe outras que empecen por cada unha das súas letras:

| |
|---|
| X |
| E |
| N |
| E |
| R |
| A |
| L |

| |
|---|
| C |
| O |
| R |
| R |
| E |
| O |

8. O xeneral mandou un correo con 23 invitacións, outro con 12 invitacións, e outro con 9.

Cantas invitacións mandou en total?.

Se un correo perde 5 invitacións. Cantas quedan?.

9. Rodea as comidas típicas do Entroido:

paella

lacón con grelos

filloas

turrón

tortilla

orellas

xeado

ACTIVIDADES DO 2º CICLO

◆ ENTROIDO DA ULLA

Os xenerais da Ulla son unha das máis orixinais manifestacións do folclore galego no Entroido.

Existen diversas teorías acerca da súa orixe. Entre as xentes de idade crese que ven da época da loita contra os franceses.

Os elementos fundamentais deste Entroido son:

Correos: visten uniforme militar e na cabeza un gorro circular con contas de cores. A súa función é adiantarse ao grupo para anunciar a chegada da comparsa e van a cabalo.



Xenerais: tamén van vestidos de uniforme militar antigo e na cabeza levan un tricorne (bicorne) rematado con plumas, van a cabalo e dan as ordes pertinentes e os “vivas “ aos veciños, invitados, etcétera, a cambio dun donativo.

Abandeirado: visten uniforme de mariñeiro e levan unha bandeira.

Coro de mozas e mozos: son rapazas e rapaces vestidos co traxe galego. Á fronte deles van un “*director e unha directora*”. Cantan cancións con letras compostas para a ocasión.



Coro de vellos: é o máis semellante ao Entroido tradicional. Cantan cancións con letras máis picantes e burlescas que as dos mozos



A mascarada organízase no ámbito parroquial e percorre tódalas aldeas, actuando en cada lugar.

O último acto da mascarada é o chamado **“atranque, salto ou alto”**. Os xenerais divíndense en dous bandos, e enfróntanse, precedidos dos correos nunha puxa dialéctica en versos, aludindo a feitos parroquiais, de política local, autonómica ou nacional ocorridos durante o ano. Continúan o debate xenerais e correos, ata que ao final asinan a paz.



1. Contesta :

- Cales son os elementos fundamentais do Entroido da Ulla?

- Describe a roupa que levan os correos e a súa función.


- Que personaxe é o que da as ordes?

- Que elementos do Entroido visten con traxe militar?

- Que diferenzas hai entre o coro de mozos/as e o de vellos?

- Explica que é un atranque.

2. Colorea os lacóns e os xamóns do porco.



3. Aquí tes unha copla do Entroido:

“No medio de San Miguel
 hai un carballo das mentiras,
 onde se xuntas as nenas
 para gobernar moitas vidas”

Inventa unha copla semellante ao exemplo que teña relación con algún feito que che sucedera no colexio.

4. Barullo de letras; relacionados co entroido:

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|--------------|
| E | A | B | A | N | D | E | I | R | A | D | O | Xeneral, |
| C | O | C | I | D | O | A | C | A | T | S | A | correo, |
| O | O | T | O | B | C | D | V | A | R | D | F | abandeirado, |
| R | E | R | I | R | V | S | E | D | A | O | I | coro, |
| R | T | R | O | C | I | I | T | A | N | L | L | atranque, |
| E | N | M | T | I | J | A | V | D | Q | A | L | cabalo, |
| O | A | K | E | L | N | T | A | A | U | B | O | viva, |
| S | C | A | S | A | G | F | M | C | E | A | A | comparsa, |
| D | X | E | N | E | R | A | L | N | V | C | I | filloa, |
| T | O | C | O | M | P | A | R | S | A | O | R | cocido |

5. Atopar (9) diferenzas entre estas dúas imaxes:



6. Facemos filloas:

APRENDEMOS A FACER FILLOAS

Para preparar este postre tan rico do Entroido, necesitamos estes ingredientes:

$\frac{1}{4}$ LITRO DE LEITE
 $\frac{1}{4}$ LITRO DE AUGA
4 OVOS
SAL
ACEITE
TOUCIÑO DE XAMÓN

Batemos os ovos cun chisco de sal e mesturámoslos con leite e auga.

Incorporámoslle pouco a pouco a fariña ata que a masa quede suave.

Untámo-la tixola con touciño de xamón mollado en aceite e vertemos unha pouquiña da pasta que fixemos movendo a tixola para que se cubra o fondo o máis fino posible.

Deixámola callar e unha vez dourada dámoslle a volta.

Podémolas tomar con azucre, recheas de nata, marmelada ou de crema.

7. Un xeneral recaudou na parroquia de Trobe 84 €, en Merín 73 €, 92 € en San Xian, e 67 € en Vilanova.

-Canto recaudou en total?

- A metade do recadado repártese entre os 4 correos. Canto lle corresponde a cada un?

8. Se cada xeneral recorre 12 parroquias e en cada unha bota 17 “vivas”. Cantas “vivas” bota en total?

ACTIVIDADES DO 3º CICLO

1. Lectura do texto.

A BATALLA DO ENTROIDO

¡Aqueles si que eran Entroidos; os da Ulla! Un deles xustamente loado o da Ponte, ao que concorrían xentes de todo o fermoso val.

Tiña moita sona porque Dona Carolina Neira do pazo de “ Vista Alegre”, na mesma Ponte Ulla, tomaba con moito interese o atavío das máscaras. Dona Carolina era unha señora entrada en anos, enxeñosa coma poucas, e simpática.

De tódalas parroquias chegaban as xentes para contemplar o seu Entroido. A parte principal era un combate entre os paisanos e as tropas de Napoleón. A francesada deixou un gran recordo en Galicia, onde houbo combates encarnizados dos napoleónicos cos paisanos.

Dona Carolina Neira, cosía e repasaba os vellos uniformes para a batalla grande do Entroido.

Logo ao probárllelos aos mozos, ao suxeitalles ben as ombreiras, ao peiteárlle-las guedellas para adiante, ao cinguirilles os “charrascos” pendurados do cinto, e ao encaixarlles ben na cabeza o “chacó”, que os facía máis altos a todos. Despois formaban con moita marcialidade no patio diante da solaina, e saían pola porta grande onde algúns montaban a cabalo, e outros con escopetas vellas de pistón e lefucoux ían de franqueo batendo nos tambores. Nun montiño preto da curva grande que fai o río, esperábanos os paisanos con fouces e forcadas. Os franceses dirixidos por un vello montado, que talmente se cría o mariscal, formaban

o cadro ao pé do monte e avantaban a modo, redobrando nos tambores. Os outros víñanse a eles e entón comezaban os disparos ao aire e a gran liorta na que non faltaba un canón de pau que cuspiña fogo, e que eu non me cansaba de admirar.

Os franceses ían recuando pouco a pouco para desbandarse finalmente e implorar misericordia dos aldeáns triunfantes. Eran de ver, entón, os aturuxos e os cantos dos vencedores, que conducían, coas armas en alto aos vencidos para lles facer un xuízo. Un vellote moi encarnado de longas patillas brancas facía de xuíz, e despois de oír a uns e a outros, os franceses eran perdoados, non sendo que tiñan que deixar o rescate en pesos, nunha bolsa, na que os botaba o xeneral que os mandaba. Os vencidos prometían con humildade non volver á guerra contra os da Ulla, quitábanlles entón as cordas coas que os ataran, e todos eles xuntos, baixo un enorme estalo de bombas, baixaban en troula.

Sentábanse nunha gran bodega os Entroidos, e Dona Carolina, que miraba atentamente a batalla dende a súa solaina, viña á larpeirada en compañía dos criados e as criadas do “ Pazo de Vista Alegre”, que levaban en cestiñas filloas feitas por ela, e outras ledicias, amén do viño da casa, que era dos mais loados da comarca. Discutíalles a forma en que se dera a batalla, coma se fose un xeneral en xefe, e ao final rían todos

, papaban aquelas filloas saborosísimas e erguían as cuncas do escumante viño, que era un loar a Deus.

ADAPTACIÓN “MEMORIAS DUNHA TERRA”

Xosé M^a Castroviejo

2. Vocabulario. Busca o significado, e fai unha frase.

Chacó

Charrasco

Solaina

Ir de franqueo

Mariscal

Aturuxo

Atavío

3. Resume a lectura en 6 líñas.

4. “A francesada deixou un gran recordo en Galicia ...”

Que cres que quere dicir esta frase?

Busca información da presenza das tropas de Napoleón na Ulla, Galicia e España.

5. Escribe os antónimos das seguintes palabras, e forma oracións cos mesmos.

- Fermoso
- Simpática
- Vencedor
- Humildade
- Enorme

6. Exemplo de atranque:

A onde vas da cabalo
vestida de xeneral
perdóame que cho diga
pero non sabes montar.

HOME

Como valente que són
véñoche para-los pés
e non te poñas farruco
que che corto o que non tés.

MULLER

Atranque do Entroido de San Xián 2006. Xenerais

Despois de ler o “Atranque”:

1º Formar grupos de 5 nenos/as

- Cada dous grupos escribirán un atranque que máis tarde se representará.
- Cada grupo terá un xeneral e un correo que serán os encargados da puxa dialéctica

7. Ficha de recollida de coplas e atranques.

Recoller entre a xente maior, coplas e atranques do Entroido na vosa parroquia.

| | |
|--------------------------------------|-----------------|
| Entrevistador/a | Colexio |
| Entrevistado/a | Data |
| Parroquia | Concello |
| COPLA | ATRANQUE |
| Que quere dicir | Que quere dicir |
| En que momento do entroido se recita | |
| | |

Unha vez recollidas facer un caderno de Coplas e Atranques

8. IMOS AO MERCADO

A comida típica do Entroido en Galicia é o lacón con grelos.

Imaxina que vas a invitar a tres amigos a comer na túa casa.

Busca información sobre:

- Ingredientes necesarios
- Cal é o prezo de cada ingrediente?
- Que cantidade terás para 4 persoas?

Completa esta ficha:

| INGREDIENTES | CANTIDADE PARA 4 PERSOAS | PREZO DO KG | TOTAL EUROS |
|--------------|--------------------------|-------------|-------------|
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |



Cal sería o prezo final desta Lacoada para 4 persoas?

9. ELABORACIÓN DO DISFRAZ DE XENERAL

MATERIAL

- 1 Saco/bolsa negra.
- Papel adhesivo branco e azul claro
- Papel dourado ou prateado
- Cartolina amarela
- Cartolina negra (sombreiro)
- Papel brillante de cores
- Papel pinocho, vermello + azul + amarelo + verde.
- Palliñas de refresco (plumas)

Cartulina amarela+papel pinocho (cintas)



Borde papel brillante

FESTA DA Augardente da Ulla

Festa da Augardente



Festa da Augardente

A festa da augardente :

Non podiamos esquecer as festas gastronómicas, que principalmente no noso concello son dúas : a do viño e a da augardente (sen esquecer a da orella). Ata certo punto, lóxico nun concello con grande tradición vitivinícola.

A festa da augardente é unha das citas gastronómicas máis emblemáticas das que se festexan no noso Val do Ulla.

Pérdese na noite dos tempos a sona da augardente da Ulla. Hai 25 anos celebrábase a primeira edición dunha festa que co paso dos anos asentouse definitivamente como unha das máis importantes do concello de Vedra.

Correspondería louvar a festa malia a nosa labor didáctica impídenos facer un enalzamento das bebidas alcohólicas. Máis ben queremos propoñer a unidade que elaboremos como unha alternativa para estimular comportamentos axeitados nos tempos de lecer, e reflexionar sobre as consecuencias que un consumo irresponsable do alcohol puidera ter.

Texto de lectura

No mes de marzo celébrase a festa da augardente en San Mamede de Ribadulla. Ese día, na casa, vestímonos todos de festa e imos escoitar o pregón. Papá e mamá falan cos seus amigos e nós xogamos cos nosos. Vemos as actuacións dos gaiteiros, as danzas e os músicos.

Despois comemos o polbo, e mentres os maiores falan das súas cousas, xogan coa baralla e ás veces ata cantan, nós aproveitamos para contemplar a vella alquitara que vai destilando a augardente gota a gota.

Á primeira hora da tarde empezan as actuacións para os máis miúdos, este ano hai monicreques e contacontos, creo que tamén hai un mago.

Papá e mamá xa se levantaron da mesa, parece que veñen cara a min. Quererán marchar para casa? ¡Qué mágoa! Eu quero ver polo menos tres cancións da orquestra. Ah! tamén me gusta ver bailar a papá e mamá.

Que tarde é! Mañá hai que ir á escola, e vou ter moito sono. Temos que ir durmir. Ata a próxima!


Lucía. 8 anos.

ACTIVIDADES DO 1º CICLO

1.-Le o texto dúas veces. A primeira subliña as palabras que non entendas e pregunta a alguén que as saiba. A segunda vez que o leas procura entender ben a historia que nos conta Lucía.

2.-Escribe formas de pasar un rato divertido nunha festa

3.- O alambique é un aparato que se utiliza para facer a augardente. Colorea este alambique e dinos si o viches algunha vez e onde.




4.-Representa mediante debuxos




Vestímonos de festa




Imos ver o pregón



Papá e mamá falan cos amigos



Nós xogamos cos nosos




Vemos as actuacións




Comemos o polbo



Vemos a vella alquitara destilando a augardente



Vemos os contacontos



Imos para a casa

5.- O pregón dunha festa.

Moitas festas teñen un pregón que consiste nun discurso de benvida que algún persoeiro importante dá aos presentes animándoos a pasalo ben. A festa da augardente que se celebra en San Mamede de Ribadulla ten pregón e foron moitos os persoeiros importantes que por ela pasaron para ler o seu discurso.

Nós imos a compoñer un pregón. Para poder lelo terás que substituir o signo + pola palabra máis, e colocar as seguintes palabras : festa, nenas, actuacións, noitiña, augardente, veciños

O pregón

Veciñas e _____, festeiras e festeiros. Un ano + _____ estamos aquí reunidos para celebrar a festa da _____.

Con este son xa 25 anos, e como vedes cada vez somos + _____.

Hoxe imos poder gozar de + _____ distraccións que nunca, de moitas e boas _____, dende o momento que eu remate de falar e ata ben entrada a _____.

Gozade pois da _____, vellos e mozos, nenos e _____, festeiros todos; que eu xa rematei.

O pregoeiro

6.- Escribe un pequeno pregón para a festa do teu aniversario.

7.- Coñeces algunha festa máis en Vedra que teña pregón? Cal?

O VAPOR

Cando poñemos unha pota de auga ao lume, vemos que chega un momento no que empeza saír dela unha especie de fume, é o que chamamos VAPOR de auga. Este vapor cando se arrefría convértese outra vez en líquido.

(Podémolo comprobar poñendo un espello enriba da pota, veremos que quedará cuberto de vapor e ao deixalo arrefriar aparecerán gotiñas de auga).

Ao momento no que a auga empeza botar VAPOR, chámasele punto de ebulición da auga, tamén dicimos que a auga ferve.

Non tódolos líquidos ferven coa mesma calor, algúns líquidos necesitan máis lume para ferver e outros menos.

A auga ferve aos 100° pero o alcohol por exemplo aos 78,5°


Á transformación do vapor outra vez en líquido chamámoslle CONDENSACIÓN.

Ás veces en vez dun líquido temos mesturas líquidas compostas de varias sustancias, con diferentes puntos de ebulición.

ACTIVIDADES DO 1º CICLO

1.-Realiza a experiencia no laboratorio

2.-Contempla o debuxo da figura e explica que está a suceder nel.



3.-Contesta ás preguntas:

Cómo se chama o momento no que un líquido empeza a transformarse en vapor?

E o momento no que o vapor se convirte de novo en líquido?

Podes poñer un exemplo dunha mestura de líquidos?

4.-Pon verdadeiro ou falso :

Tódolos líquidos ferven á mesma temperatura

O vapor cando se arrefría convértese en líquido

A auga ferve aos 80°

O alcohol ferve aos 74,5°

5.- Sabías que para facer a augardente temos que quentar un líquido que está dentro dun recipiente mesturado con outras sustancias e que tamén este líquido se vai convertendo en vapor.

O AUGARDETEIRO

Os nomes que recibe o DESTILADOR varían dunhas comarcas a outras. En xeral denomínanse augardenteiros pero empréganse outros nomes como “alambiqueiros”, “alquitareiros”, “poteiros” e “cañeiros”. Nós ímolo chamar augardenteiro por ser o nome máis estendido.

Antigamente o augardenteiro realizaba o seu labor trasladándose dun lugar a outro cun alambique da súa propiedade ás costas. Ao chegar á zona de traballo os clientes corrían coa manutención do profesional e co transporte do alambique dun alpendre a outro polas casas e aldeas do “partido”.

Comenzaban o traballo na 1ª Quincena de outubro e a “ESTILA” podía durar ata marzo. En todo este tempo non volvía á súa casa. Era polo tanto un traballador ambulante.

Actualmente hai outros medios de transporte, e tanto o augardenteiro como o alambique poden desprazarse con maior facilidade.

A Administración Autonómica tamén impuxo cambios no proceso de elaboración da augardente e obriga a que o alambique permaneza fixo nun alpendre local ata o que achegan o “bagazo” os clientes da zona.

As labores que realiza o AUGARDETEIRO cando chega a un lugar son: 1- escolle o lugar axeitado no alpendre para asentar o alambique. 2- manda encher de auga o depósito. 3- traer o bagazo que se vai destilar e a leña para o lume. 4- observa a clase de bagazo. 5- calcula o tempo que lle vai levar destilar cada potada de material e a cantidade de bebida que vai producir. 6- planifica a forma de desenvolver o proceso e 7- axusta o custo do destilado.

ACTIVIDADES DO 2º CICLO

1.-Contesta ás seguintes preguntas :

Que nomes recibe o destilador de augardente

Cando comenzaba o traballo o augardenteiro?

Cales son os labores que realiza o augardenteiro cando chega a un lugar de traballo?

2.- Busca no diccionario. Pregunta ao profesor e explica coas túas palabras :

Que é un partido segundo o significado do texto?

Que é a estila?

3- Prepara unha entrevista cun augardenteiro da Ulla que vai virnos visitar á clase. Tes que preparar polo menos 5 preguntas.

4.- Busca outras profesións ambulantes que houbera en Galicia. Podes preguntar na casa ou buscar na Biblioteca o libro “Artes y oficios de ayer”. Explica con poucas palabras en que consistían.

5.- Problema : Un augardenteiro ten que calcular canto lle ten que cobrar a un cliente para o que estivo 5 días traballando. Si cada día lle ten que cobrar 49 €, canto lle terá que cobrar?

MÉTODOS DE DESTILACIÓN

A alquitara

É o método tradicional máis antigo. Aínda se utiliza nalgunhas zonas da xeografía galega. É o sistema máis lento e de menor rendemento.

Consta dunha caldeira ou “pota” en forma de pera. Enriba colócaselle un “capacete” con forma de caldeiro. Este caldeiro recolle os vapores na parte inferior e ao enfriarse saen pola “biqueira”. Na parte superior está aberto e ponse a auga para refrixerar o vapor.

O alambique

É o método de destilación máis utilizado. Consta dunha caldeira ou pota de cobre. Un capacete condensador que se prolonga nun pescozo de cisne (ou trompa de elefante) por onde circula o vapor ata un condensador cilíndrico (bidón ou vaso) onde se conecta cun serpentín de cobre onde o vapor se fai líquido e sae pola parte inferior.

O condensador (bidón) refrixerante leva dous orificios de entrada e saída de auga que se move contracorrente dos vapores que atravesan o serpentín.


No orificio de saída da augardente hai normalmente un dispositivo para colocar o alcoholímetro e así poder controlar as distintas partes do destilado (cabezas, corazóns e colas).

Hai moitas clases de alambiques, na Ulla o máis utilizado é o alambique pera con bidón e serpentín.




ACTIVIDADES DO 2º CICLO


1.- Coloca os nomes das partes principais desta alquitara.



2.- Coloca os nomes das partes máis importantes deste alambique



3.- Descubre 2 iguais e descubras o alambique máis utilizado en Vedra. Colorea.



4.- Visita á destilería de augardente de Vedra

A AUGARDENTE

A augardente é unha bebida alcohólica obtida por DESTILACIÓN do “bagazo” procedente da elaboración do viño. A calidade do “bagazo” vai depender de múltiples factores (a variedade de uva, o xeito de prensala, o período de vendima e sobre todo o tempo e o modo de conservación). Se o “bagazo é bo” o destilalo será bó e teremos unha augardente boa.

A DESTILACIÓN é un proceso que consiste en quentar o bagazo misturado con auga ata que os diferentes componentes da mestura pasan a transformarse en VAPOR. Uns compoñentes desta mestura líquida transfórmanse en vapor antes ca outros. Os primeiros vapores unha vez licuados darán lugar ás cabezas, os seguintes aos corazóns e os últimos ás colas.

(Explicación para o profesor: O primeiro vapor corresponde ás sustancias cun punto de ebulición inferior a 78,4°C, terá gradacións alcohólicas superiores ao 70% vol e dará lugar ás cabezas. As sustancias cun punto de ebulición entre 78,4°C e 100°C dan lugar aos corazóns (líquido entre 70% e 45% vol) e as sustancias cun punto de ebulición superior a 100°C dan lugar ás colas con gradación inferior a 45% vol)

3º Ciclo *Festa da Augardente*

En Galicia os métodos de destilación habitualmente utilizados son os tradicionais de lume directo: a alquitara e o alambique. Existen outros como o de arrastre por vapor de auga que son utilizados por empresas cunha maior produción que o fai rentable.



Introducindo bagazo no alambique

ACTIVIDADES DO 3º CICLO

1.-Le detidamente a lectura e subliña o vocabulario que descoñezas. Busca as palabras no dicionario e escríbeas aquí:

2.-Que é a destilación ?

3.-Cales son os métodos de destilación tradicionais máis utilizados en Galicia?

4.-A augardente é unha bebida alcohólica. Coñeces outras? Cales?

5.-Anota algunhas razóns que a xente dá para decidir beber ou non beber alcohol.


| Razóns para beber | Razóns para non beber |
|-------------------|-----------------------|
| | |

(Traballaranse na clase os razoamentos aportados polos alumnos)

6.- Explica a un amigo de Ourense e a outro de Santiago como teñen que facer para chegar á festa da augardente apoiándote no mapa.

CAMIÑO DA FESTA

A 17 KMS. DE SANTIAGO



OS LABORES DE DESTILACIÓN

Realízanse en dúas fases:

1º) A vaporización daqueles compoñentes que se poden tranformar en vapor ao seren quentados.

2º) A condensación dos vapores producidos

Na 1ª fase o augardenteiro realiza os seguintes traballos:

- a) Prepara a potada. Coloca no fondo da pota ramas de vi-des, pallas ou paus de Carballo para evitar que o bagazo, que coloca enriba, se queime. Introduce tamén na pota a auga necesaria.
- b) Quenta a pota dosificando a distribución do lume para que o bagazo reciba calor por igual no interior
- c) Cubre a pota co capacete cando comeza a botar vapor, selando ben as xuntas para que non saia o vapor.
- d) Controla o lume ata que remate a vaporización.

Na 2ª fase

- a) Vixiar a cor e o olor do líquido condensado, e tamén o ruído que se produce ao caer no depósito externo da bebida.
- b) Vixiar a gradación (cabezas, colas, corazóns)
- c) Vixiar a auga fría da caldeira de refrixeración.

ACTIVIDADES DO 3º CICLO

1.- Resume os traballos que realiza o augardenteiro na 1ª fase da destilación da augardente.

2.- Resume os traballos que realiza o augardenteiro na 2ª fase da destilación da augardente.

3.- Realiza a lectura do Capitan Haddock e contesta as preguntas que se realizan a continuación.

O capitán Haddock ten frío e bebe para quentarse. Conseguirao? O alcohol quenta o corpo?

Como se comporta o capitán Haddock despois de beber a botella de ron?

En que se parece o comportamento do capitán ao comportamento dun mozo ou dunha moza que ao saír de marcha se pasa co alcohol?

Tintin, Milú e o capitán Haddock veñen de saír dun lío para meterse noutro. Le:



3º Ciclo *Festa da Augardente*

